



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación INICIACIÓN AO JAZZ

Curso 2021-22

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1



Profesor: Juan Cañada Valverde.





Índice

1.	Introdución.....	3
2.	Metodoloxía.....	5
3.	Atención á diversidade.....	6
4.	Temas transversais.....	11
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	14
6.	Secuenciación do curso.....	15
	6.1 Curso: 6º Grao Profesional.....	15
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	23
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	24
9.	ANEXOS.....	25





1. **Introdución**

Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- 1- ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- 2- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- 3- CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- 4- ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- 5- DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- 6- ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- 7- ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- 8- DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- 9- CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.



- Características do centro

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela atópase situado ao norte da cidade e foi construído no ano 2004. É polo tanto un edificio de nova creación, arquitectonicamente moi vistoso, e con moita luz pero moi reducido para a demanda existente neste momento. Depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e nel impártense as materias de grao elemental e profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.

- Características do alumnado

O conservatorio conta cunha media de 500 alumnos/as. Nel conviven alumnos de características socioculturais e socioeconómicas moi distintas, temos por un lado o alumnado maioritariamente da cidade e do contorno mais próximo con un nivel sociocultural e económico moi variado que buscan no conservatorio unha formación musical complementaria aos seus estudos xerais. Por outro lado temos alumnado dun contorno mais afastado, procedente de escolas de música de lugares como Arca, Valga, Silleda, Vedra, Teo, Rianxo, etc., con unhas inquedanzas distintas e moitas veces con un interese por completar os estudos profesionais e seguir cos estudos superiores de música, e nalgúns casos con un esforzo moito maior en canto a desprazamento. Aínda existe unha variable mais, Santiago de Compostela conta con un campus universitario que atrae alumnado procedente de outros conservatorios de Galicia que queren compatibilizar os seus estudos universitarios coa finalización dos estudos profesionais de música no Centro.

Todo isto da lugar a unha grande heteroxeneidade no alumnado en canto a dedicación, constancia no estudo, grao de implicación, etc.,

2. Metodoloxía

As clases serán sesións teórico-prácticas onde se realizarán as seguintes actividades:

- Lectura e análise de temas do repertorio.
- Improvisación individual e colectiva sobre ciclos, progresións e *standards*, en función da análise realizada.





- Exercicios de educación auditiva con patróns melódicos, escalas e as progresións harmónicas mais utilizadas.
- Transcripción de solos.
- Traballo con audios de “youtube”, *Aebersold* ou equivalentes.
- Composición de temas propios ou arranxos a partir do estudo dos aprendidos.
- Audición e comentario de versións dos temas traballados.

No caso de ensino semipresencial ou a distancia, a metodoloxía de traballo se desenvolverá a través das aulas virtuais e plataformas de vídeo chamada habilitadas polo centro. O profesorado programará o repertorio, estudos, escalas... que o alumnado deberá traballar na casa durante a semana e poderá grabar as exemplificacións dos mesmos. Poderase requerir ao alumnado o envío de grabacións do repertorio para o seu seguimento e/ou a asistencia a sesións de clase ou audicións por medios telemáticos se os medios técnicos o permiten.

3. Atención á diversidade

Detección da diversidade:

Enfermidades
Déficit formativo
Diversidade cultural
Discapacidades
Altas habilidades.

Respostas:

- a. Relacións persoais:
- b. auto estima.
- c. Titoría: asesoramento, individualización.
- d. Reforzo educativo.
- e. Optatividade.
- f. Adaptación curricular (interpretación).
- g. Accesibilidade e adaptación das instalacións.



MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O tema das necesidades educativas especiais ou específicas é un ámbito difícil de abordar no ensino dos conservatorios. Debido ao carácter voluntario de este tipo de especialidades para os alumnos e ó seu carácter orientado cara a profesionalización, a atención aos alumnos con necesidades especiais ou dificultades de aprendizaxe queda un tanto condicionada. É importante aclarar que segundo a lexislación educativa galega, cada alumno é diferente e precisa dunha atención individualizada, e por iso non podemos pretender que todos aprendan igual, polo que é necesario facer uso dunha diversificación metodolóxica. Nembargantes, si facemos una aproximación máis concreta ao concepto, hai alumnos que requiren unha atención máis específica ou especializada para lograr os mesmos obxectivos que os demais. Trátase de aqueles que por diferentes razóns, temporalmente ou de maneira permanente, non están en condicións de evolucionar cara á autonomía persoal e á integración social cós medios dos que dispoñemos habitualmente e que “requiren determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta” (LOE, artigo 73, sección primeira, título II).

Así mesmo a LOE no Capítulo dedicado á equidade na educación (Título II, Capítulo I, Artigo 71), refírese a este tipo de alumnos, e enuméranse unha serie de principios relacionados co tema:

1. As administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral nesta lei.

2. Correspóndelles ás administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

3. As administracións educativas establecerán os procedementos e recursos precisos para identificar de forma temperá as necesidades educativas específicas dos alumnos e alumnas a que se refire o punto anterior. A atención integral ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo iniciárase desde o mesmo momento en que esa necesidade sexa identificada e rexerese polos principios de normalización e inclusión.

4. Correspóndelles ás administracións educativas garantir a escolarización, regular e asegurar a participación dos pais ou tutores nas decisións que afecten a escolarización e os procesos educativos deste alumnado.

Realizar unha clasificación das necesidades educativas especiais é moi complexo debido á amplitude do ámbito que queremos delimitar. Unha posible clasificación sería a que se centra nas causas de esas necesidades e na súa localización:

-Dificultades de aprendizaxe (dislexias, dislalias)





- Dificultades de adaptación social (debidos a inmigración, diferenzas sociais, culturais ou a problemas económicos)
- Dificultades debidas a desordes de personalidade (algún tipo de trastorno mental tratable como a esquizofrenia)
- Dificultades debidas a una deficiencia física (minusvalías físicas)
- Deficiencias debidas un déficit ou superdotación intelectual.

En canto á materia de jazz e á súa relación coas necesidades específicas, é evidente que no noso exercicio diario como profesores deberemos adaptarnos ás condicións específicas de cada alumno có fin de dar unha resposta educativa máis adecuada ás súas necesidades. Por esta razón, as Unidades Didácticas previstas poderán adaptarse ás situacións concretas segundo o consideremos oportuno. Do mesmo xeito podería ser necesario retomar ou prolongar o traballo dalgún aspecto determinado: O profesor terá a oportunidade de deseñar as súas propias actividades, modificándoas ata a súa correcta asimilación ou ven desenvolver outras novas en función da necesaria adaptación ó alumnado ó que se dirixe en concreto. Un elemento fundamental na determinación e na orientación das medidas de adaptación reside na coordinación cos titores, unha ferramenta fundamental de coñecemento dos alumnos, coa que poderemos obter información determinante sobre os seus problemas, xa sexa a través dos pais/nais ou dos nosos compañeiros de claustro. A solución de moitos dos problemas musicais deben ser abordados en colaboración con outros profesores implicados na súa formación polo que é necesario manter unha comunicación constante cos nosos colegas e buscar solucións conxuntamente. De este xeito tamén poden obterse datos relevantes que permitan reorientar a actividade formativa e practica-las adaptacións que sexan necesarias.

Atención ó alumno con trazos de diversidade .Tipoloxía xenérica

A Programación Didáctica debe recoller medidas didácticas para atender os intereses ou aptitudes dos alumnos . Estas medidas poderanse adaptar unha vez coñecidos os alumnos ao comezo do curso. Nembargantes podemos establecer unha tipoloxía xenérica do alumnado, atendendo a tres criterios específicos:

1°. Segundo a súa diferenza de nivel musical:

a) Alumno avanzado: o alumno dotado dunhas capacidades por encima do previsto para o seu nivel, capaz de atopar solucións técnicas para os seus problemas có instrumento , e de progresar técnica e musicalmente a gran velocidade e que é capaz de emprender tarefas máis difíciles do común para a súa idade sen facer un gran esforzo. Neste grupo podemos atopar alumnos de alta capacidade intelectual ou superdotados, para os que se podería flexibilizar a duración das etapas da súa formación ou que poderían requerir atención diferenciada por parte das administracións educativas por medio de programas específicos.





b) Alumno intermedio: aquel que asimila con corrección os contidos programados para o seu nivel e que supera os novos obstáculos na súa aprendizaxe real facendo o esforzo considerado normal. Este é o tipo de alumno có que nos atoparemos no conservatorio habitualmente.

c) Alumno que presenta dificultade e nivel baixo: aquel que disocia os contidos técnicos e creativos, e que asimila os contidos a un ritmo menor do previsto. Neste grupo podemos atopar alumnos con dificultades de aprendizaxe, ou que por distintas razóns se incorporaron tardiamente ó sistema educativo, debido á emigración ou problemas sociais. Tamén podemos atopar alumnos con dificultades có idioma. Todos eles poden necesitar programas específicos de axuda ou clases de reforzo, e en algúns casos atención de profesionais especializados.

2°. En función da súa diferente actitude e interese cara os estudos e formación musical:

a) Alumno motivado: presenta unha actitude positiva cara ó aprendizaxe, non precisando dunha motivación especial para conseguir un ritmo adecuado de traballo na clase e na casa. Son alumnos que rematan ó grao elemental e acostuman a superar con éxito ó acceso ó grao profesional. A Súa paixón pola música e polo instrumento sérvelles dabondo para manter vivos o seu interese e a súa capacidade de superación.

b) Alumno con interese e actitude baixa: considera a súa asistencia ás clases como una actividade máis de tipo extraescolar. No caso de atoparse con este tipo de alumnos, que non adoitan ser infrecuentes, o profesor deberá esforzarse en cambiar a súa actitude tanto do alumno como da familia, e facerlles entender a importancia da educación musical na formación integral das persoas e facerlles ver que ó decidir aprender a tocar un instrumento adquiren un certo compromiso que deben intentar cumprir. Na maioría das ocasións esta actitude débese a unha gran falta de información e descoñecemento por parte das familias froito da pobre herdanza musical do noso país

3° Segundo a súa necesidade de adaptación debido ás súas condicións físicas:

a) Alumnado medio: non presenta ningunha disfunción de tipo físico-psíquico.

b) Alumnado que pode presentar particularidades ou disfuncións físicas: entre os que podemos atopar alumnos con unha deficiencia física (sordeira, visión escasa ou nula, problemas de accesibilidade ó aula ou ó centro debido a algún tipo de minusvalía, etc.). Con este tipo de alumnos no só debemos ter un tacto especial e ser todo o flexibles que sexa necesario, se non que teremos que adapta-lo material empregado e quizáis atopar





axuda e información a través de profesionais especializados. Tamén deberemos intentar que non se sintan diferentes ante os seus compañeiros que adoitan comportarse con un gran respecto cando son debidamente informados.

4. Temas transversais

4.1.1 Educación en valores

O desenvolvemento integral do alumno, que non debe estar limitado a adquisición de conceptos e coñecementos académicos vinculados exclusivamente a cada unha das súas áreas, senón que debe formar aos alumnos para integrarse na sociedade actual, sabendo responder de maneira adecuada aos problemas que esta sociedade presenta. Esta formación, que non esta definida en ningunha das áreas, debe estar presente na aula de forma permanente, e manifestase a través do que coñecemos como temas transversais. u forma na que entendo o tratamento destes temas transversais fica reflectida nos obxectivos seguintes:

Educación para a paz .

Adestrarse para a solución dialogada de conflitos no ambito escolar.

Educación moral e cívica.

Participar en tarefas comúns, mostrando actitudes de colaboración e respecto polas opinións e propostas alleas.

O respecto pola autonomía dos demais.

Educación para a igualdade entre os sexos.

Desenvolver a auto estima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade

Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.





Educación para a saúde.

Proporcionar un contexto adecuado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde. Concienciar ao alumnado do respecto ás medidas hixiénico-sanitarias recomendadas polas autoridades para evitar a propagación e o contaxio do Covid-19 no noso centro.

Educación para o consumidor.

Crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.

Desde a música, moitos destes temas poden tratarse propoñendo actividades que se desenvolvan en grupo, xa que estas favorecen a comunicación dos alumnos e fomentan actitudes de convivencia.

Ademais, na música pódense tratar contidos relacionados directamente coa saúde (O uso adecuado do corpo a hora de tocar o violín precisa dun coñecemento e coidado do mesmo, especialmente ante problemas habituais na adolescencia).

Ou tratar temas que relacionados directamente coa paz (o coñecemento da música de outras culturas aumenta o respecto cara estas, comprendendo que o mundo non é só a música e culturas occidentais, nin as súas visións). Ou tratar temas relacionados con a educación para o consumidor, onde se pode analizar o mercado musical, os prezos dos cd's, o pirateo. Ou como se usa a música nas publicidade, nos grandes almacéns... e que efecto pode producir no consumidor, cara quen vai dirixido.

4.1.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

As TIC enténdense como aquelas ferramentas basadas na tecnoloxía dixital que permiten almacenar, procesar, recuperar, transmitir e presentar información. Inclúen as aplicacións utilizadas polos ordenadores, tablets e teléfonos móbiles para facilitar e xestionar información (software, bases de datos, multimedia, etc.), así como as novas tecnoloxías arredor de Internet. Por outro lado, enténdese por material dixital o software, programas ou aplicacións utilizadas para facilitar e xestionar información.

Podemos identificar as seguintes utilidades do emprego das TIC no proceso de ensino na materia de Jazz:



Medios Audiovisuais: equipo audiovisuais do Centro para o visionado e análise comentada cos alumnos de vídeos de audicións e actividades do centro, concertos, documentais de interese, etc.

Medios en internet: emprego de webs como Youtube, Vimeo, etc., para visualización de vídeos e concertos de obras incluídas na programación en diferentes interpretacións; utilización de webs de partituras gratuitas e libres de dereitos como Imslp.org; e utilización de programas de audio como Goeat.

Programas informáticos: de edición de partituras, como Finale, Sibelius, Encore, etc.; de audio, como Spotify.

Medios para a comunicación: a web do centro e a plataforma CentrosNet, para comunicación á comunidade escolar e ao alumnado da materia das actividades programadas, audicións, eventos, boletíns de notas, faltas de asistencia, etc.; o emprego do correo electrónico e do propio CentrosNet para a comunicacións e organización entre o profesorado da materia, emprego da aula virtual e plataforma de video chamada.

Segundo está recollido no NOF, non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquer outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice, sempre con fins didácticos.

Asemade, o profesorado poderá empregar e autorizar ao alumnado o uso co móbil ou tablet de programas ou aplicacións informáticas tales como metrónomos, afinadores, ou similares.

Finalmente, o profesorado poderá empregar, sempre dacordo co alumnado e os seus pais/nais/titores legais, o teléfono móbil ou tablet para a grabación de resúmenes da clase, exercicios e pasaxes de repertorio, e indicacións para a práctica semanal, especialmente no caso de ensino semipresencial ou a distancia. Estas grabacións serán de uso exclusivo entre o profesorado, e o alumnado e os seus pais/nais/titores legais.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Non se contemplan en esta materia. Neste curso, a programación destas actividades queda condicionada ás posibilidades organizativas do centro dentro das recomendacións sanitarias e do ámbito educativo en relación á minimización do risco de contaxio e propagación do Covid-19.

6. Secuenciación do curso





6.1 Curso: 6º Grao Profesional

Obxectivos

- Coñecer e manexar os elementos musicais propios da linguaxe do jazz.
- Desenvolver a capacidade de improvisación a partir dos coñecementos aprendidos.
- Coñecer os *standards* mais habituais do repertorio e traballar sobre eles.
- Desenvolver o oído e a memoria musical.
- Fomentar o desenvolvemento da creatividade a partir da análise dos temas traballados.
- Valorar a capacidade pedagóxica da improvisación como metodoloxía.

Contidos

Harmónicos

1. Cifrado americano
2. acordes basicos: Maj7, 7, m7, m7(b5), °7.
3. Acordes alterados e con tensións: b5, #5, 9, b9, #9, 11, #11, 13, b13
4. Relación acordes-escalas
5. Enlaces, posicións pechadas e abertas e fórmulas de acompañamento.
6. Acordes basicos: Maj7, 7, m7, m7(b5), °7, cadeas de V7, substitutos tritonais, etc.
7. Análise de *standards*

Melódicos

1. Escalas modais.
2. Escala alterada, lidia b7, menor melódica e simétricas.
3. pentatónicas e de blues Escalas
4. Escalas de be bop
5. Patróns melódicos
6. Fórmulas de traballo
7. Relación escalas-acordes
8. Construción da lína de baixo ou *walking*





9. análise de solos.

Rítmicos

- Fraseo do swing.
- Lectura rítmica con e sen o instrumento.
- Patróns de acompañamento: swing, balada, jazz vals, bossa, etc.
- Celulas rítmicas características para improvisar e acompañar.
- análise rítmico.

Formais

1. Análise formal do repertorio traballado
2. Standards
3. Blues
4. Rhythm changes

Secuencia e temporalización.

1º trimestre. 16h .

8. : Cifrado americano.
9. acordes básicos: Maj7, 7, m7, m7(b5), °7
10. Escalas Pentatónicas e de blues
11. Fraseo do swing.
12. Lectura rítmica con e sen o instrumento.
13. Standards

2º trimestre. 12h .

1. acordes alterados e con tensións: b5, #5, 9, b9, #9, 11, #11, 13, b13
2. Relación acordes-escalas
3. Escalas de be bop
4. Patróns melódicos





5. Fórmulas de traballo
6. Patróns de acompañamento: swing, balada, jazz vals, bossa, etc.

3º trimestre. 10h.

1. análise formal do repertorio traballado
2. Blues
3. Rhythm changes
4. Celulas rítmicas características para improvisar e acompañar.
5. Análise rítmico.

Avaliación

Criterios de avaliación

Para a avaliación da materia terase en conta a evolución e o traballo en cada clase, ademais dos seguintes apartados na proba final:

- Realizar progresións harmónicas tonais.
- Realizar progresións harmónicas modais.
- Desenvolver escalas pentatónicas sobre diferentes progresións
- Realizar exercicios sobre estruturas de blues.
- Desenvolver cadencias combinadas II-V-I sobre estruturas de 12-16-24 e 32 compases.
- Desenvolver frases sobre estruturas combinando silencio-interpretación.
- Realizar exercicios de lectura a vista.
- Improvisar de memoria sobre estruturas diversas e temas sinxelos de repertorio jazzístico.
- Realizar interpretacións e improvisación melódicas, rítmicas e harmónicas sobre temas de repertorio jazzístico aplicando todos os elementos estudados de forme gradual.

Mínimos esixibles

1º trimestre.

1. . Interpretar dous estandars.



2. Conecer os acordos dos tema traballados.
3. Poder improvisar coas estruturas harmónicas traballadas no estándar.
4. Control do tempo .
5. Control da forma do tema.

2º trimestre.

1. Interpretar dous novos estándares.
2. Conecer os acordos dos tema traballados.
3. Poder improvisar coas estruturas harmónicas traballadas no estándar.
4. Control do tempo .
5. Control da forma do tema.
6. Improvisar un mínimo de dous coros por tema, en estilo de swing.

3º trimestre

1. Interpretar dous novos estándares.
2. Coñecer os acordos dos tema traballados.
3. Poder improvisar coas estruturas harmónicas traballadas no estándar.
4. Control do tempo .
5. Control da forma do tema.
6. Coñecer a forma do repertorio traballado
7. Controlar células rítmicas características para improvisar e acompañar.

Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación é continua. Teremos en conta o traballo diario do alumno durante todo o curso. Os procedementos do profesor para a avaliación serán:

1. Observación sistemática e continua.
2. escoita na clase (ou polos medios telemáticos correspondentes no caso de ensino semipresencial ou a distancia) e corrección dos exercicios.
3. escoita nas audicións trimestrais (sexan estas presenciais ou por medios telemáticos).

Así mesmo, o alumno se calificará a en todas as clases o seu propio traballo e os dos demais compañeiros.





Criterios de cualificación

Control rítmico, formal, melódico e armónico.

Valorarase o control auditivo.

Control da afinación

Control da improvisación.

Control do estilo do swing.

Porcentaxes. 25% control rítmico
25% melódico
25 % control formal
25% control armónico

9 - 10 Interpretación realizada con fluidez e seguridade rítmica. utención as diversas harmonías.

Control da forma e da afinación.

Tempo convincente desde o punto de vista musical.

Sensibilidade para o detalle musical e o carácter da obra.

7 – 8 Interpretación realizada con seguridade técnica.

Evidencia de control do son e da afinación. Tempo adecuado e mantido.

Utilización correcta das harmonías na improvisación.

Capacidade de resposta ao estilo.

5 – 6 Seguridade xeral nas notas e no ritmo.

Tecnicamente axeitado.

Sentido razoable da continuidade.

Evidencia dunha coidadosa preparación.

Rápida recuperación de calquera tropezo.

4- Xusto por debaixo do nivel aceptable de precisión en xeral.

Falta de continuidade.

Pobre recuperación dos tropezos.





Errores na afinación e no ritmo.

Son pobre. Evidencia da falta de preparación.

Limitacións no uso de recursos musicais.

Serías dificultades coas notas e o ritmo. Interrupcións frecuentes.

Seria falta do control harmónico..

2 – 3 Serías dificultades coas notas e/ou o ritmo e ausencia de detalles musicais.

Seria falta de control harmónico. Soamente algúns pasaxes dominados.

Incapaz de continuar sen erros mais dunha breve parte.

Tecnicamente non axeitado

1 Non presenta traballo algun.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Non se contemplan ao ser 6º curso de grao profesional.

6.1.1 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

- Tratándose de ensino con avaliación continua, o alumnado poderá recuperar cada avaliación acadando os contidos mínimos establecidos nesta programación para a seguinte avaliación.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o profesorado da materia considere que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, convocará a dito alumno/a para a realización dunha única proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.





A proba consistirá en:

- Interpretar un blues e dous standards a elixir polo alumno.
- Improvisar un mínimo de dous coros por tema, en estilo de swing.
- Reconecer auditivamente diversas progresións harmónicas sinxelas tocadas polo profesor.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os fixados nesta programación.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesorado da materia na sesión de avaliación correspondente.

Procedementos de recuperación ordinarios

Tratándose de ensino con avaliación continua, o alumnado poderá recuperar cada avaliación acadando os contidos mínimos establecidos nesta programación para a seguinte avaliación.

Probas extraordinarias de setembro

- Interpretar un blues e dous standards a elixir polo alumno.
- Improvisar un mínimo de dous coros por tema, en estilo de swing.
- Reconecer auditivamente diversas progresións harmónicas sinxelas tocadas polo profesor.

Recursos didácticos

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

O seguimento da programación didáctica e continuo. A medida que imos vendo aqueles aspectos dos obxectivos, contidos ,metodoloxía..etc que precisan ser mellorados o revisados procedese a renovar.

O procedemento e a observación diaria da miña actividades e dos alumnos, e a reflexión continua .As conversas con outros profesores, a lectura de libros e as comparacións con outros métodos son procedementos indispensables.





8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

No comenzo do curso escolar o Departamento de Corda establecerá o protocolo oportuno para a realización da avaliación interna do mesmo.

Reuniones periodicas do departamento. Observacion sistemática e continua.

Escoita nas reunions das ideas dos outros profesores.

Escoita nas audicions trimestrais.



9. ANEXOS

RÚBRICA DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO

NOME:

INSTRUMENTO:

	Aínda non competente (1-4)	Competencia básica (5-6)	Competencia media (7-8)	Competencia avanzada (9-10)	Nota ponderada
Control rítmico: 25%					
Control melódico: 25%					
Control formal: 25%					
Control armónico: 25%					
Puntuación final :					

Observacións: